

## Recuperación dos SALARIOS do persoal do SERGAS

O mércores 10 de decembro de 2008, publicase no DOG a “Orde do 1 de decembro de 2008, pola que se publica o acordo 2008/2012 para a mellora das condicións de traballo do persoal do SERGAS”

Un acordo cun **incremento retributivo lineal para todo o persoal**, e un incremento na atención continuada: noites, festivos e gardas.

Un acordo plurianual que Feijóo suspendeu ao chegar ao goberno no ano 2009, e desde aquela négase a devolvernollos os nosos salarios.

Un acordo publicado no DOG que é “Norma”, polo que calquera goberno responsable debería cumprilo.

**Un acordo que te leva roubado, ano tras ano, unha media de:**

2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
600 €	1200 €	1800 €	1.800 €	1.800 €	1.800 €	1.800 €

2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
1.800 €	1.800 €	1.800 €	1.800 €	1.800 €	1.800 €	21.600 €

**21.600 € é o que Feijóo lle leva roubado ao persoal do SERGAS desde o ano 2010.**

**Este diñeiro forma parte do teu salario. Non lle consintas que te sigan roubando.**

Na CIG-SAÚDE levamos anos demandando unha negociación na mesa sectorial dun calendario de recuperación dos nosos salarios, e ano tras ano temos a mesma resposta: **NON, non vos imos devolver o roubado.**

Mais na CIG-SAÚDE non desistimos de recuperar o que é noso. Agora imos iniciar unha campaña de recollida de sinaturas para presentar no parlamento.

Imos demandar dos grupos do parlamento que fagan súa a demanda de recuperación dos salarios do persoal do SERGAS, e defendan a “PROPOSICIÓN NON DE LEI DE INICIATIVA POPULAR: RECUPERACIÓN DOS SALARIOS DO PERSOAL DO SERGAS”

**Asina a iniciativa**, para dicirlle a **Feijóo** que o noso traballo non se paga con aplausos, que o traballo da sanidade é un traballo altamente cualificado.

**Asina a iniciativa!**

**CIG-SAÚDE non vai parar até que o persoal do SERGAS recupere os seus salarios!**

